



Eva Díez. #Sen título. 2016

II.

Estás cosida a esta imaxe. Sábelo polo xeito no que os ollos prenden no degradado de cores, nos sons e no vento.

As xunturas doen. Doe unha punzada antiga, anterior ao teu nome e o teu rostro

O que tes diante de ti é algo que non existe: unha imaxe parcial que completas con desexos. Unha anestesia contra o desalento.

A ti, a ti que o sabes todo, que non erras nos xuízos, que sempre tes a palabra xusta na boca: diante de todo isto fállache a voz e as túas palabras penduran no aire, perdendo a forza nada máis pronuncialas

Doe esta imaxe porque estás cosida a ela e o que vos une é un medo atávico, unha fraxilidade difícil de soste, unha calor suave que acocha

Dis: este é o territorio que me compón

Dis: non poden facer nada para salvalo

E despois, despois as fórmulas máxicas, as culpas lanzadas contra corpos sen rostro, a acusación egoísta da vileza e a cobiza humanas

Pero ti, onde quedas ti? Desde onde asubía a túa voz na néboa?

Coses e descoses as costuras como querendo liberarte do que te manca. Sabes que a túa é unha memoria partida e dubidas da forza da vontade cando voz e corpo trazan traxectorias tan distintas

Lara Dopazo Ruibal